

## A FORMACIÓN DE XORNALISTAS EN GALICIA

*Xosé Ramón Pousa*  
Universidade de Santiago de Compostela

A evolución das novas tecnoloxías da información e as esixencias dun mercado de traballo cada vez máis competitivo son un desafío para os profesionais do xornalismo e, de forma especial, para as institucións de ensino dunha profesión coma esta, en constante cambio. Os medios de comunicación esixen profesionais con sólidos coñecementos en informática, con capacidade de innovación e flexibilidade para actuar nos diversos campos do xornalismo, ademais doutros contidos necesarios para a actividade periodística que a Universidade tradicional non sempre sabe dar<sup>1</sup>. A vertixinosa evolución da profesión formúlalles ademais ás universidades a necesidade non só de formar novos profesionais, senón tamén de atender a demanda de reciclaxe continua para os xornalistas, que se ven na obriga de responder a novos retos profesionais presentados polas novas linguaxes desenvolvidas ao abeiro das novas tecnoloxías.

A Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, nacida hai agora 11 anos, xorde en plena crise do modelo educativo do xornalismo español, o cal dera lugar a comezos da década dos 70 ao nacemento das facultades de Ciencias da Información. Uns centros educativos dotados dun plan de estudos que estaba enfocado naquel momento á formación de informadores nunha sociedade como a franquista, que padecía os recortes da liberdade de prensa propios dunha situación ditatorial en que os medios audiovisuais nin sequera podían producir información. Toda unha contradición.

Daquela o ensino do xornalismo, como ocorre en moitos outros contextos, incluso en países democráticos, limitábase a reproducir contidos xeneralistas das ciencias humanas e sociais, mesturados con materias propias da profesión que, en ningún caso, acadan a dimensión práctica necesaria para o exercicio profesional. A Universidade española limitase nese tempo a lanzar ao mercado

1. Hélio A. Schuch: "Qualidade no ensino de jornalismo", *Sala de Prensa* n.º 19, maio 2000.

profesionais con boa formación teórica, pero con grandes dificultades para poñer en práctica os seus coñecementos; así pois quedaba en mans das empresas a formación empírica dos titulados universitarios. Nesta situación, non resulta rara a desvalorización da titulación, e o camiño emprendido por moitos empresarios de optar por outro tipo de titulados, ou incluso de contratar non titulados que ingresaban na profesión periodística por unha cada vez máis visíbel porta traseira. Unha vía alternativa que, por riba, foi consagrada pola Constitución española de 1978 en nome dun mal entendido concepto de liberdade de expresión, en que se confunde o acceso aos medios co libre exercicio dunha práctica profesional que require dunha formación regrada. Neste momento, os centros de formación de xornalistas do panorama español contamos co grande hándicap de ter que atraer universitarios para unha titulación que non é necesaria para o exercicio profesional.

Que é o que pasa na sociedade española e particularmente na galega para que cada ano preto da cuarta parte dos estudantes que superan a selectividade queiran facerse xornalistas e fagan cola ante as portas da facultade de Santiago até subir a nota mínima de entrada a niveis superiores aos esixidos polas carreiras de elite? Por que tanto interese en estudar unha profesión que non é obrigatoria e posúe uns niveis salariais, salvo excepcións, que figuran nos niveis medio-baixos da escala laboral?

Son algunhas das interrogantes que, de portas para dentro da facultade, nos facemos cando unha nova promoción se apresta a comezar os estudos de Xornalismo. Uns estudos que, por certo, nin sequera gozan de boa prensa entre as empresas do sector, receosas dun ensino que, até o de agora, estivo bastante afastado da realidade práctica da profesión, aínda que esta sexa unha vella teima universidade-medios que, afortunadamente, se desinfla cada día.

Este achegamento entre a Universidade e a empresa xornalística débese, por unha banda, a unha realidade que estatisticamente demostra que, pese ao confucionismo sementado pola Constitución española ao identificar liberdade de expresión con libre acceso á profesión periodística, hoxe en día máis do 70% das redaccións infor-

mativas de xornais, radios e medios televisivos están integradas por licenciados en Ciencias da Información. Con todo tamén debemos relacionar este feito coa filosofía imposta pola LRU (Lei de reforma universitaria), que permitiu a configuración duns plan de estudos máis próximos á practica profesional do xornalismo.

Neste contexto non é estraño que, a comezos dos anos 90 as facultades de Ciencias da Información do Estado español lle dean un xiro importante á súa orientación pedagóxica buscando unha mellor adaptación ás condicións do mercado. Froito desta nova mentalidade, impulsada dende anos atrás pola LRU, é a reforma dos plans de estudo de xornalismo que emprenden a maior parte das facultades e onde a recentemente creada Facultade de Ciencias da Información de Santiago de Compostela, como centro de nova creación, foi pioneira, xa que puxo en marcha un ano antes ca no resto do Estado español esta nova filosofía, en que o ensino teórico e a formación práctica se equilibran a un cincuenta por cento.

O que está claro e o que percibimos todos é que, aínda introducindo mecanismos de crítica universitaria nos plans de estudo, ou o ensino do xornalismo comezaba a encadrarse no perfil esperado polo mercado de traballo, ou quedaría á marxe deste. O xornalismo é unha actividade profesional en que o resultado é un produto ou servizo e, dende este punto de vista, o plan de estudos debía configurar un curso de periodismo onde a profesión fose ensinada de forma integral.

A pesar da desregulación que vive a profesión periodística, 30 anos despois da posta en marcha das facultades de Ciencias da Información, xa ninguén dubida que o exercicio profesional precisa dunha formación académica perfectamente estruturada que garanta o papel do xornalista como mediador, unha especie de "experto en expertos", é dicir, que sabe a quen recorrer para obter a información que necesita e domina as técnicas que fan posíbel a transmisión desta información ao público xeral. Todo iso nunha sociedade complexa e altamente tecnificada na que o papel dos medios de comunicación será cada vez cualitativamente máis importante.

O xornalista deste século non se limitará a traballar nun xornal, nunha emisora de televisión, nunha cadea de radio, ou a exercer a profesión nos tres soportes en simultáneo, como xa o fan moitos profesionais de empresas multimedia, senón que as novas tecnoloxías, dende a dixitalización da imaxe e o son pasando polas comunicacións por cable, están recompoñendo o até agora tradicional panorama dos mass media e abrindo novos campos profesionais aínda difíciles de perfilar para os que vivimos inmersos no inicio do proceso de evolución dende a xa case que arqueolóxica galaxia de Gutemberg. As sociedades do Terceiro Milenio van necesitar un novo tipo de comunicador que sexa quen de avaliar, analizar, comprender e explicar o que está a pasar e, dentro do posíbel, o que poida pasar no futuro, sen que por iso se abandone o papel fundamental de informar.

O papel da Universidade está en posibilitar a formación dese tipo de profesional, que ao meu xuízo debe estar dotado dunha gran curiosidade por todo o que o rodea, afán de comprensión, de imaxinación, sede de coñecementos, certa vocación pedagóxica e paixón por comunicar, xunto cunha boa dose de valentía e de prudencia.

A existencia dun centro de formación de xornalistas en Galicia concíbese de forma que sexa capaz de garantir a formación de profesionais, potenciar a investigación e a reflexión sobre os problemas da comunicación e da cultura e favorecer a reciclaxe permanente dos profesionais que teñen que adaptarse ás esixencias dun sector en permanente evolución.

Trátase dunha opción teórico-técnica, en que a función da teoría non quedaría satisfeita se se limita a reflexionar sobre a problemática da significación destinada a producir un coñecemento capaz de xerar unha competencia de simple "lectura", senón que debe cumprir, sen escusa, a función de xerar unha competencia operativa destinada á produción das mensaxes nos medios de comunicación.

Trátase, pois, de producir un saber que permita coñecer os mecanismos, convencións e lóxicas culturais e sociais que posibiliten

o complexo proceso de produción. A teoría debe servirnos tamén para caracterizar a técnica, referida tanto aos instrumentos de produción e de emisión ou difusión, como aos procedementos e recursos que entran en xogo para construír as mensaxes e coan as esixencias do proceso de transmisión e difusión da palabra, da imaxe e do son, así como as dos procesos de codificación e decodificación.

A función docente específica da Facultade de Ciencias da Comunicación de Galicia é ofertar ao alumnado os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos, a instrución e o adestramento necesario para formalo como profesional da información e da comunicación en todos os medios, cunha cualificación que desenvolva e estimule o seu afán de investigación e de experimentación fundamentadas nunha ampla base teórica.

A propia dimensión universitaria do centro e das súas disciplinas obriga a afondar no coñecemento teórico e científico dos medios de comunicación e de información, de xeito que exceden os límites da práctica e da formación profesional. O obxectivo que se persegue con esta achega teórica ao exercicio do xornalismo e da comunicación é o de capacitalo profesionalmente para renovar permanentemente o proceso comunicativo en que desempeñará un papel relevante, pero ademais debe permitirlle a reflexión sobre a práctica da profesión.

Na Universidade de Santiago tratamos, pois, de formar comunicadores con sentido expresivo na escrita e no audiovisual, que dominen as técnicas de expresión oral e visual ademais da redacción axeitadas ás esixencias derivadas das características peculiares de cada medio. Por outra parte, os nosos alumnos deben coñecer as tecnoloxías dispoñíbeis para efectuar esa expresión sacándolle o máximo rendemento na produción informativa e comunicativa, sobre todo cando neste momento o mercado reclama un "periodista compacto" que reúna as funcións tradicionais do informador e as de deseñador-operador-mesturador-realizador. Un profesional capaz de manexar os equipos de forma que sexa o autor integral da mensaxe.

Non hai que esquecer que entre as funcións que deben levar a cabo os comunicadores segundo a demanda social actual atópanse: a investigación capaz de orientar as políticas de comunicación; as estratexias de comunicación; o deseño da oferta e dos produtos; a xestión dos proxectos; a implantación das tecnoloxías; a mellora das linguaxes comunicativas; o descubrimento de novos xéneros periodísticos; e a crítica e a análise da praxe dos medios e, porque non, da especulación teórica.

Tamén para todo isto ten que formar os alumnos a facultade se quere contribuír ao desenvolvemento da sociedade e da cultura e responder con eficacia ás esixencias sociais e do mercado. E esta formación só llela pode garantir unha concepción que combine os saberes teóricos e técnicos para buscar unha relación dialéctica e non de forma escindida e non poucas veces contraditoria.

Trátase de subministrarlle ao alumno "saber" e "saber facer". Por outra banda non se pode confundir o "saber facer" con "saber como facer". Son dúas cousas distintas aínda que as dúas se aprenden. A primeira apréndese por medio da instrución e a segunda mediante o adestramento; ambas as dúas aprendizaxes son responsabilidade do centro.

Esta filosofía plásmase nun plan de estudos, modificado en 1999, que pretende responder con eficacia ás necesidades do mercado da comunicación e da información e ás demandas sociais adecuándose ás directrices do Ministerio de Educación que se ditan desde o Consello de Universidades, esixencia imprescindible para o recoñecemento oficial do título.

O plan de estudos actualmente en vigor na USC presenta un grande equilibrio entre teoría e práctica, cun 57% dos créditos teóricos e 43% prácticos, onde os soportes impresos supoñen un 51,5% de créditos e os audiovisuais un 48,5%. A carreira está equilibrada por sectores de capacitación: hai materias que capacitan para a comprensión do contorno social e da súa evolución histórica, así como para expresión lingüística, o que supón un 25% da oferta. O alumnado conta tamén con materias que capacitan nas teorías específicas da comunicación e da información, o que cons-

titúe un 23% da oferta. Finalmente contan con materias que capacitan na análise, teoría e experimentación da produción informativa nos diferentes medios, o 52% dos contidos.

Neste momento, á luz dos resultados obtidos, coa experiencia das sete promocións de xornalistas saídas da Facultade de Ciencias da Comunicación de Galicia, dende un punto de vista persoal, diría que a realidade do panorama profesional en Galicia suxire un novo paradigma na formación dos graduados e que ese novo paradigma pasa pola calidade. Un novo enfoque que dote ao futuro profesional da comunicación dunha formación flexíbel e axeitada para un mercado de traballo en constante mudanza, con tendencia a ser cada vez máis dinámico, en función dos avances tecnolóxicos, da competencia entre soportes e no xurdimento de novos medios.

Para dotar de maior calidade ao ensino dos futuros xornalistas son precisas boas infraestruturas, coma o edificio que dende hai dous anos serve de sede á facultade, obra do arquitecto portugués Alvaro Siza. Boas infraestruturas que teñen que modernizarse cada pouco, con novos e altos investimentos. Para todo isto hai que reclamar o compromiso constante das autoridades universitarias e da mesma sociedade. E, sobre todo, débese poder contar cun cadro de profesores que saiba estar á altura das circunstancias, que teñan claro que a súa formación nunca estará pechada e que esixe dunha constante reciclaxe e traballo de investigación para poder incorporar ao ensino os seus logros como investigadores. Este equipo debe renovarse con sabía procedente das novas xeracións, para o que é necesario rachar esta tendencia aos cadros de persoal planos que ultimamente está a ameazar a universidade pública española dende a entrada en vigor da nova LOU (Lei orgánica de universidades). Só así estaremos en condicións de seguir formando bos profesionais e de acadar o recoñecemento social que merece unha profesión tan lonxe da dignificación.

Por último, hai que destacar a necesidade de incorporarse canto antes ao proceso de converxencia cara ao denominado "Espazo europeo da educación superior" que, despois da harmoni-

zación económica e laboral, supón o terceiro reto da Unión Europea. Este proceso esixirá un grande esforzo por parte dos educadores para dotar o sistema educativo dunha maior flexibilidade que faga posíbel a compatibilidade entre os sistemas dos diferentes países, o que lle permitirá ao alumnado posuír un currículo propio e aberto acorde cos seus intereses. Este feito seguramente nos vai beneficiar aos galegos e portugueses que, coa realización de congresos como o presente, apostamos xa por un futuro sen fronteiras.